



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Recursos Informáticos de Apoio á Investigación	Código	653862205	
Titulación	Mestrado Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria (plan 2012)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Medicina			
Coordinación	Pereira Loureiro, Javier	Correo electrónico	javier.pereira@udc.es	
Profesorado	Canosa Domínguez, Nereida María Pereira Loureiro, Javier	Correo electrónico	nereida.canosa@udc.es javier.pereira@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle/			
Descrición xeral	Nesta materia o alumno adquirirá os coñecementos necesarios para ser un usuario experto na utilización das principais ferramentas software de propósito xeral necesarias para a investigación actual. Debe estar familiarizado co manexo correcto do programa Word, xeración de PDFs, recuperación de contidos multimedia desde as distintas fontes accesibles no eido da investigación: imaxe dixital, son dixital e vídeos de Internet, imaxe de cámaras dixitais, conversión de formatos de imaxe e vídeo, etc. Ademais debe ser capaz de manexar adecuadamente os recursos bibliográficos na rede, acceso a bases de datos, revistas de texto completo e blogs de intercambio de información			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A5	Adquirir o coñecemento da realidade investigadora nun ámbito concreto das ciencias da saúde.
B2	Fluidez e propiedade na comunicación científica oral e escrita.
B3	Compromiso pola calidade do desenvolvemento da actividade investigadora.
B5	Habilidade para manexar distintas fontes de información.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer os métodos habituais para dar difusión dos resultados de investigación e a comunicación científica así como buscar información do ámbito científico de traballo	AM5	BM2 BM5	CM3
Manexar as ferramentas informáticas necesarias para unha correcta presentación dos traballos científicos		BM2 BM5	CM3
Saber adaptar de forma óptima os contidos multimedia para a presentación dos traballos científicos		BM2 BM3	CM3
Coñecer as bases de datos científicas e recursos dispoñibles a través da biblioteca da UDC	AM5	BM5	CM3

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Edición avanzada de documentos científicos	Estilos. Seccións. Referencias cruzadas. Táboas de contido. Índice de figuras e táboas. O xestor bibliográfico.



Tema 2. Contidos multimedia	Formatos de imaxe e vídeo interactivos. Conversión de formatos gráficos. Obtención de imaxes: descarga da rede, acceso a recursos gráficos docentes on-line. Coleccións de imaxes. O escáner e as súas características. A resolución de dixitalización. O OCR. Conversión de imaxes en textos. Os ficheiros de son. Edición básica de sons. Trascriptión de conversas automáticas. Uso adecuado e óptimo dos recursos multimedia dixitais. Descarga de vídeos de Youtube. Edición de vídeo con Windows Movie Maker.
Tema 3. Os recursos da biblioteca da Facultade de Ciencias da saúde.	Busca de información a través de Internet para Ciencias da Saúde. Acceso a bases de datos científicas. As publicacións on-line. Aplicacións de rexistro e xestión de citas bibliográficas. Exportación e conversión entre diferentes formatos de referencias bibliográficas. Listado de categorías (subjets) del Journal Citation Reports. Bases de datos electrónicas da biblioteca da UDC. Emprego de Refworks
Tema 4. Web 2.0 e Google APS	Plataforma de traballo colaborativo Google Apps. Google docs. Os Blogs: Creación e mantemento.
PRÁCTICAS	Exercicios para a avaliación
Exercicio 01. Emprego avanzado de Word	Emprego de estilos, tablas de contidos, referencias cruzadas, o xestor bibliográfico de Word
Exercicio 02. Publicación en revista científica	Formatear texto científico segundo as especificacións dunha publicación de impacto. Publicar un traballo empregando a plataforma Scholar One
Exercicio 03. Práctica JCR (Journal Citation Index).	Seleccionar tres revistas de interese para o alumno e 6 artigos entre as publicacións seleccionadas en importalas na ferramenta RefWorks para exportalas nun formato específico
Exercicio 04. Prácticas con Google Apps	Crear un documento de traballo entre toda a clase empregando Google docs. O documento debe ter imaxes de Internet, imaxes da cámara de fotos e transcripcións de entrevistas.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	13	39	52
Traballos tutelados	7	3	10
Proba obxectiva	1	10	11
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	As prácticas levaranse a cabo no laboratorio de radioloxía do segundo andar da Facultade. Empregaranse principalmente aplicación de software libre e o paquete office
Traballos tutelados	Para cada tema de interese o alumno deberá facer un traballo seguindo as especificacións e calendario descrito na plataforma Moodle
Proba obxectiva	Examen sobre os contidos teóricos da materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Intentarase traballar as ferramentas de interese para cada ámbito de traballo do alumno, especialmente no referente oas grupos do JCR e do Web 2.0
Traballos tutelados	



Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	Realizaranse prácticas no laboratorio de Radioloxía e Accesibilidade do segundo andar da Facultade. Estas prácticas están baseadas na plataforma Moodle	20
Traballos tutelados	Realizaranse traballos ao longo do curso. As especificacións, cronogramas e entrega farase a través da plataforma Moodle	50
Proba obxectiva	Examen sobre os contidos teóricos. O examen é opcional para os alumnos que asistan as prácticas e entreguen os traballos nos prazos establecidos. A súa ponderación repartirase entre as outras dúas metodoloxías. É obrigatorio para os alumnos que non asistan as clases	30

Observacións avaliación

Será necesario superar ao menos con 50% cada proba para superar a materia. O examen non é necesario para os alumnos que asistan ás clases e entreguen as prácticas en tempo. O peso desta proba repartirase entre as outras dúas probas de avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Microsoft (2011). Cree películas con Windows Movie Maker. Pagina Windows Movie Maker - http://www.microsoft.com/spain/windowsxp/using/moviemaker/default.msp- Gustavo Sánchez Muñoz (2011). Imagen digital 4.0. http://www.gusgsm.com/- Equipo Audacity (2011). Manual de usuario de Audacity. Web oficial de Audacity - http://audacity.sourceforge.net/- Grover, Chris (2007). Manual fundamental de Word 2007 . Madrid : Anaya Multimedia- Equipo GIMP (2011). The GIMP - Manual del usuario. Foro oficial de GIMP - http://www.gimp.org.es- Refworks (2011). Usuario de RefWorks Guía de inicio rápido VERSIÓN 5.0. http://www.refworks.com/content/documents/RefWorks_Quick_Start_Guide_Spanish_Galego.pdf- UDC (2011). Web de la biblioteca de la UDC. A Coruña : Universidade da Coruña. (http://www.udc.es/biblioteca)- Martos Rubio, Ana (2007). Word 2007 . Madrid : Anaya
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

As clases serán no Laboratorio de Radioloxía e Accesibilidade no 2º Andar da Facultade.

A asistencia e entrega de prácticas seguindo o calendario exime do exame.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías